Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 14 de xuño de 2018, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"PUNTO CUARTO.- SEGUNDA CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DOS LOTES Nº 1, Nº2, Nº4 E Nº6 DO SERVIZO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE FORMACIÓN XUVENIL LIDERA DO CONCELLO DE AMES.

Con data 11 de maio de 2018 a Xunta de Goberno Local acordou a Clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación para a adxudicación dos Lotes nº1, nº2, nº 3, nº4 e nº6 do servizo para o desenvolvemento do Programa de Formación Xuvenil Lidera do Concello de Ames, sendo notificado este acordo aos licitadores participantes no procedemento de licitación.

As empresas clasificadas en primeiro lugar nos lotes nº 1, nº 2, nº 3, nº 4 e nº 6 presentaron en prazo e por rexistro a documentación requirida para proceder á adxudicación.

Na reunión da Mesa de Contratación celebrada o 4 de xuño de 2018 para a valoración da documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar, acordouse, por unanimidade dos membros presentes o seguinte:

- A exclusión da empresa Arenaria S.L. do Programa de Formación Xuvenil "Lidera" nos seus Lotes nº 1 – Primeiros auxilios e nº 6 – Monitor de tempo libre, ao non quedar acreditada a solvencia técnica necesaria coa documentación aportada (artigo 151.2 TRLCSP).

- A exclusión da empresa Alvalop Servicios XXI S.L. do Programa de Formación Xuvenil "Lidera" no Lote nº 2 – Curso básico de Linguaxe de Signos española, ao non quedar acreditada a solvencia técnica necesaria coa documentación aportada (artigo 151.2 TRLCSP).

- A exclusión da empresa Serviplustotal S.L. do Programa de Formación Xuvenil "Lidera" no Lote nº 4 – English Today , ao non quedar acreditada a solvencia técnica necesaria coa documentación aportada (artigo 151.2 TRLCSP).

Por outra banda, o licitador clasificado en primeiro lugar para o lote numero 3, Norfomación SL, si achegou a documentación que lle foi requirida polo que a Mesa propón a súa adxudicación.

Pola Mesa de contratación procédese a propoñer unha nova clasificación en base as exclusións antes referidas, dos lotes numero 1, 2, 4 e 6 que resulta ser a seguinte:

LOTE 1: Primeiros Auxilios	***Puntuación Referencias Técnicas***	***Puntuación Proposición Económica***	***Puntuación total***
Alvalop Servicios XXI S.L.	*20,00*	*50,00*	*70,00*
Senes CITS S.L.	*15,00*	*45,03*	*60,03*
Quelqum Servicios para empresas S.L.	*35,00*	*24,69*	*59,69*
Magnafor Qualitas S.L.	*25,00*	*18,51*	*43,51*

C.I.F.: P – 1500200 – I

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
www.concellodeames.gal
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925

LOTE 2 : Lingua de Signos	Puntuación Referencias Técnicas	Puntuación Proposición Económica	Puntuación total
DESERTO			

LOTE 4: English Today	Puntuación Referencias Técnicas	Puntuación Proposición Económica	Puntuación total
Alvalop Servicios XXI S.L.	30,00	24,49	54,49
Quelqum Servicios para empresas S.L.	40,00	8,75	48,75
Speak Galicia	5,00	42,33	47,33

LOTE 6: Monitor Tempo Libre	Puntuación Referencias Técnicas	Puntuación Proposición Económica	Puntuación total
Fesan, Fundación de Estudios e Análises	40,00	25,30	65,30

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, previa delegación da Alcaldía (decreto 481/2016), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- *Excluír do procedemento de licitación do servizo para o desenvolvemento do programa de formación xuvenil Lidera, lotes nº1(Primeiros auxilios) e nº 6 (Monitor Tempo libre) á empresa Arenaria S.L., ao non quedar acreditada a solvencia técnica necesaria coa documentación aportada (artigo 151.2 TRLCSP).*

Segundo.- *Proceder á devolución do aval bancario en concepto de garantía definitiva presentada pola empresa Arenaria SL, mediante transferencia bancaria, por importe de 504,10 euros, correspondente ós lotes nº1 e nº6, para o cal deberá presentar unha certificación bancaria do número de conta na que se efectuará o seu reintegro.*

Terceiro.- *Excluír do procedemento de licitación do servizo para o desenvolvemento do programa de formación xuvenil Lidera, lote nº2 (Lingua de signos), á empresa Alvalop Servicios XXI S.L ao non quedar acreditada a solvencia técnica necesaria coa documentación aportada (artigo 151.2 TRLCSP).*

Cuarto.- *Proceder á devolución do aval bancario en concepto de garantía definitiva presentada pola empresa Alvalop Servicios XXI S.L, mediante transferencia bancaria, por importe de 140,40 euros, correspondente ó lote nº 2 para o cal deberá presentar unha certificación bancaria do número de conta na que se efectuará o seu reintegro*

Quinto.- *Excluír do procedemento de licitación do servizo para o desenvolvemento do programa de formación xuvenil Lidera, á empresa Serviplustotal S.L., lote nº 4 (English Today) ,ao non quedar acreditada a solvencia técnica necesaria coa documentación aportada (artigo 151.2 TRLCSP).*

Sexto.- *Proceder á devolución do aval bancario en concepto de garantía definitiva presentada pola empresa Serviplustotal S.L mediante transferencia bancaria, por un importe de 192,00 euros, correspondente ó lotes nº4, para o cal deberá presentar unha certificación bancaria do número de conta na que se efectuará o seu reintegro*

Sétimo*.- Declarar deserto o Lote nº 2 denominado Curso básico de Linguaxe de Signos española ao non haber máis licitadores.*

Oitavo.- *Clasificar, por orden decrecente de puntuación, as restantes empresas licitadoras dos*

Lotes nº1, nº4 e nº6, do Programa de Formación Xuvenil Lidera do Concello de Ames, coa seguinte orde:

LOTE 1: Primeiros Auxilios	***Puntuación Referencias Técnicas***	***Puntuación Proposición Económica***	***Puntuación total***
Alvalop Servicios XXI S.L.	*20,00*	*50,00*	*70,00*
Senes CITS S.L.	*15,00*	*45,03*	*60,03*
Quelqum Servicios para empresas S.L.	*35,00*	*24,69*	*59,69*
Magnafor Qualitas S.L.	*25,00*	*18,51*	*43,51*

LOTE 4: English Today	***Puntuación Referencias Técnicas***	***Puntuación Proposición Económica***	***Puntuación total***
Alvalop Servicios XXI S.L.	*30,00*	*24,49*	*54,49*
Quelqum Servicios para empresas S.L.	*40,00*	*8,75*	*48,75*
Speak Galicia	*5,00*	*42,33*	*47,33*

LOTE 6: Monitor Tempo Libre	***Puntuación Referencias Técnicas***	***Puntuación Proposición Económica***	***Puntuación total***
Fesan, Fundación de Estudios e Análises	*40,00*	*25,30*	*65,30*

Noveno.- *Declarar que as características esenciais da referida contratación para o licitador clasificado en primeiro lugar en cada un dos lotes son as seguintes:*

Prezo. A oferta do licitador é a seguinte:

LOTE 1: Primeiros Auxilios	*CIF*	*Prezo/hora/curso*	*Nº horas estimadas duración contrato*	*Oferta Total contrato*
Alvalop Servicios XXI S.L.	*B-36591063*	*43,20 €*	*60*	*2.592,00 €*

LOTE 4: English Today	*CIF*	*Prezo/hora/curso*	*Nº horas estimadas duración contrato*	*Oferta total contrato*
Alvalop Servicios XXI S.L.	*B-36591063*	*27,20 €*	*160*	*4.352,00 €*

LOTE 6: Monitor Tempo Libre	*CIF*	*Prezo/hora/curso*	*Nº horas estimadas duración contrato*	*Oferta Total contrato*
Fesan, Fundación de Estudios e Análises	*G-15597669*	*11,70 €*	*700*	*8.190,00 €*

Décimo.- Duración do Contrato

Aínda que inicialmente estableceuse nos pregos que a duración inicial do contrato sería de trinta e

dous meses sen posibilidade de prórrogas, cumprindo así co establecido no artigo 303 TRLCSP, excepcionalmente e debido aos requirimentos e subsanación de documentación necesaria para a continuación da tramitación do procedemento, o servizo non puido iniciarse no mes previsto (maio), véndose restrasado o inicio do mesmo, non repercutindo no importe económico a percibir dentro dos diferentes lotes. Nos restantes termos o contrato permanecerá inalterable, rematando a todos os efectos o 31 de decembro de 2020.

Décimo Primeiro.- *No prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, o licitador clasificado en primeiro lugar deberá presentar a seguinte documentación imprescindible para, de ser o caso, proceder á correspondente adxudicación:*

-No caso da empresa ***Alvalop Servizos XXI S.L****., ao ser adxudicataria de maneira provisional do Lote nº2 deste procedemento, aínda que tras a celebración da sesión de valoración de documentación resultase excluída, obra en poder desta administración a maior parte da documentación requirida, polo que só deberá presentar a seguinte documentación para resultar adxudicataria dos Lotes nº 1 e nº4 do Programa de Formación Xuvenil Lidera:*

a) Acreditación de solvencia técnica e profesional

O licitador deberá achegar acreditación da solvencia técnica ou profesional mediante calquera dos medios a que se refire a 10.3. deste prego.

b) Xustificante de ter constituída garantía definitiva

Deberá achegarse xustificante de ter constituída unha garantía definitiva por un importe de 347,2 euros (5% do importe de adxudicación correspondentes aos lotes nº 1 e 4).

c) Certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais daqueles formadores que vaian a prestar o servizo.

-No caso da empresa ***Fesan, Fundación de Estudios e Análisis,*** *ao resultar adxudicataria do Servizo de Psicomotricidade Educativa e Preventíva do Concello de Ames, obra xa diversa documentación no seu expediente no departamento de Contratación do Concello, polo que só deberá achegar a seguinte documentación para resultar adxudicataria do Lote nº 6 do Programa de Formación Xuvenil Lidera:*

a) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica por calquera dos medios a que se refire a cláusula 10.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

b) Xustificante de ter constituída garantía definitiva

Deberá achegarse xustificante de ter constituída unha garantía definitiva por un importe de 409,50 euros (5% do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido).

c) Certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais daqueles formadores que vaian a prestar o servizo.

Décimo Segundo.- *Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado."*

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, dezaoito de xuño de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria